

Manual do Expositor

CULTURGAL 2019

12 EDICIÓN



A smartphone graphic showing the event schedule. The screen displays the following information:

GALICIA PONTEVEDRA		
NOVEMBRO 2019		
DÍA 28		XOVES
DÍA 29		VENRES
DÍA 30		SÁBADO
DECEMBRO 2019		
DÍA 1		DOMINGO
DÍA 2		LUNS

- » 29 novembro
- 30 novembro
- 1 decembro
- » Pazo da Cultura
- » Pontevedra
- » www.cultur.gal
- » Feira das industrias culturais

Pepe Barro

Organiza

CULTURGAL
Asociación

Patrocinan

AGADIC



Áxencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
CONSELLARÍA DE CULTURA

PAZO DA
CULTURA
PONTEVEDRA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



ÍNDICE

Presentación Culturgal 2019	3
1. INFORMACIÓN XERAL	4
O recinto	4
A cidade de Pontevedra	4
Como chegar	4
Quen asiste a Culturgal?	5
2. PREPARAR O CULTURGAL	6
2.1. Calendario para expositores	6
2.2. Plano	6
2.3. Zonas de situación	6
2.4. Stands	7
Que tipos de stands existen e que conteñen?	7
Que servizos xerais están incluídos no prezo de aluguer?	7
Canto custa o aluguer de cada tipo de stand?	8
Descontos que se aplican	8
Como solicitar un stand?	8
2.5. Normativa	9
Normativa xeral de construción e uso dos stands	9
Alturas máximas de construción	9
Vendas e actividade no stand	10
Envío de materiais	10
2.6. Stands con condicións especiais de contratación	10
Espazo reservado a stands de artesanía	10
Espazo Cultura Interactiva: novidade 2019	10
Espazo de Arte Contemporánea	11
Plano	11
Que tipos de stands existen e que conteñen?	12
Canto custa o aluguer de cada tipo de stand?	12
Descontos que se aplican	12
Normativa montaxe e cuestións específicas espazos Arte Contemporánea	12
2.7. Cesións e cancelacións	13
2.8. Acreditación	13
Número de acreditacións por stand	13
Procedemento de solicitude	14
3. TIRAR PROVEITO DO CULTURGAL	14
3.1. Quen reserva espazo no Culturgal?	14
3.2. Público de Culturgal	14
3.3. Comunicación da Feira	15
3.4. Programación Culturgal 2019: convocatoria, condicións e prazos	15
ORGANIZACIÓN CULTURGAL 2019. Contactos	16

Presentación Culturgal 2019

Dálle unha volta á Feira

Culturgal celebra a décimo segunda edición en 2019, do 29 de novembro ao 1 de decembro no Pazo da Cultura de Pontevedra. A Feira do sector cultural propón este ano «darlle unha volta» ao evento, cun renovado deseño espacial e novidades nos espazos de programación, que agardamos sexan interesantes para vós. Culturgal é unha iniciativa da Asociación Culturgal, da que forman parte as asociacións profesionais máis representativas do sector. Son máis de 150 empresas as representadas:

A **Asociación Galega de Editores (AGE)** leva máis de 25 anos coordinando a iniciativa empresarial da edición en lingua galega e integra a máis do 90% do sector editorial do país. www.editorasgalegas.gal/

Escena Galega, a Asociación Galega de Empresas das Artes Escénicas, creouse no ano 2002 como un organismo de carácter profesional, autoxestor, autónomo e independente, integrado por máis de dúas dúzias de compañías de teatro, de danza e de monicreques. www.escenagalega.gal

Eganet naceu no 2000 e agrupa a máis de 70 empresas galegas dedicadas a internet e ás novas tecnoloxías, que abranguen as cinco principais áreas de negocio neste ámbito: internet e medios on line, comunicación interactiva en novos medios, consultoría e asesoramento Tic, conectividade e integración de sistemas e desenvolvemento de software. www.eganet.org

A **Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI)** é a asociación empresarial pioneira do sector audiovisual galego. Agrupa empresas produtoras de cine, televisión, publicidade e servizos e leva contribuindo activamente á consolidación e desenvolvemento da industria de Galicia desde 1994. www.agapi.org

A **Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM)** nace no ano 2007 para defender os intereses profesionais das empresas galegas que proveen servizos no ámbito da música ao vivo, incluíndo produtores, promotores, managers e axentes. www.agem-musica.com

Culturgal fai da cidade de Pontevedra un lugar de encontro comfortable, eficiente e novidoso con centos de liñas cruzadas entre públicos, expositores, creación, difusión, institucións, participación, venda, distribución, formación... Tres días de referencia para todas as persoas que fan parte diaria da actividade cultural en Galicia e grazas ás que a Feira reborda de contidos, entusiasmo e orgullo colectivo.

1. INFORMACIÓN XERAL

O recinto

A cidade de Pontevedra é desde 2010 sede da Culturgal, que atopou neste concello unha magnífica resposta institucional así como unha adhesión entusiasta das veciñas e veciños da cidade. O Pazo da Cultura de Pontevedra atópase na rúa de Alexandre Bóveda, a escasos dez minutos do centro urbano e perfectamente comunicado coas principais vías de entrada. Ten un amplo aparcadoiro con capacidade para 1.300 automóviles, polo que o acceso en coche é cómodo e sinxelo.

O recinto Feiral no que se monta Culturgal ten unha superficie de 4.875 metros cadrados e dispón de dúas entradas, catro saídas de emerxencia e dúas portas de acceso rodado cun tamaño suficiente para o tránsito de grandes camións. Así mesmo o Auditorio do Pazo, con capacidade para 752 persoas, é un espazo idóneo para a programación de espectáculos extraordinarios. O Pazo tamén pon a disposición do Culturgal outros espazos como a sala de exposicións e os seminarios para reunións ou actividades profesionais.

A cidade de Pontevedra

Pontevedra acolle a Culturgal desde o ano 2010; a estas alturas a identificación da cidade coa Feira é plena. A resposta da cidadanía respecto da Culturgal non podía ser mellor; son milleiros de veciñas e veciños de Pontevedra que se achegan cada ano ao Pazo da Cultura a descubrir as novidades do sector cultural do país e a gozar do programa de actividades.

Pontevedra é unha cidade cómoda para todas aquelas persoas que se acheguen á Feira en calidade de expositores, programadores, artistas, profesionais ou público. O Pazo da Cultura está conectado con centro da cidade a través da Ponte dos Tirantes e da Ponte de Santiago (N-550); un paseo de apenas dez minutos camiñando sitúanos no casco histórico de Pontevedra.

A oferta hostaleira de Pontevedra é ampla e variada, con capacidade para atender ás necesidades dos profesionais e visitantes do Culturgal. Pero ademais Pontevedra é unha cidade cunha aposta estratéxica por un modelo de desenvolvemento urbano sostible. Adherida á Rede de Cidades que Camiñan, en 2015 recibe o Premio ONU Habitat polo seu modelo urbano peonil. Desde 1999 e de maneira progresiva pechouse o casco histórico aos automóviles, creáronse corenta quilómetros de sendas e vías peonís e ciclistas preto do río e da ría e aumentáronse as zonas verdes. Un modelo de cidade sostible e inclusiva que prioriza o peón, a bicicleta e o transporte colectivo.

Como chegar

O Pazo da Cultura atópase na rúa de Alexandre Bóveda, a escasos dez minutos do centro urbano e perfectamente comunicado coas principais vías de entrada. Ten un amplo aparcadoiro con capacidade para 1.300 automóviles, polo que o acceso en coche é cómodo e sinxelo. Tanto desde Vigo como desde Santiago ou A Coruña, hai que tomar a saída 129 da AP-9 (Pontevedra Norte) e seguir as indicacións cara á estrada PO-531. Unha vez na PO-531, hai que xirar á esquerda cara á Avenida de Domingo Fontán, tomar a segunda saída na rotonda en dirección Rúa de Juan Manuel Pintos e, de novo, a segunda saída na rotonda cara á N-550. Encontraredes entón o Pazo da Cultura.

EN BUS

Os autocares da empresa Monbus chegan a Pontevedra desde distintos puntos de Galicia. Podes consultar horarios e frecuencias na web www.monbus.es ou chamar ao teléfono de atención ao viaxeiro desta compañía 902 292 900.

EN TREN

O tren é o medio ideal para achegarse a Pontevedra desde cidades próximas como Vigo, pero tamén desde A Coruña, Santiago ou Vilagarcía. Podes consultar horarios e frecuencias en www.renfe.es ou chamar ao teléfono de información ao viaxeiro da compañía ferroviaria: 902 320 320 ou ao de venda por internet 902 109 420.

COMPARTE COCHE

Podes achegarte ao Culturgal compartindo coche, deste modo reducirás gastos e viaxarás en compañía. Se optas por esta modalidade, podes facer a túa proposta de viaxe ao Culturgal en plataformas como BlaBlaCar.

NA CIDADE

Pontevedra é unha cidade para camiñar, sen grandes costas e cunha ampla área urbana peonil. Tamén é un pracer percorrela en bici, pola súa orografía e pola promoción que se fai do seu uso neste concello <http://www.pontevedra.eu/bici/>. Pero entendemos que podes ter cansazo, problemas de mobilidade ou simplemente dispor de pouco tempo. Nese caso debes saber que Pontevedra conta cunha rede de autobuses urbanos que opera a empresa Grupo As Rías www.grupoasrias.com e que as liñas 2 e 5 van deixarte preto do Pazo da Cultura. Se precisas un taxi podes chamar ao 986 868 585.

Quen asiste a Culturgal?

Ao redor de 15.000 persoas asisten a Culturgal en Pontevedra cada ano. Se ben o groso da asistencia está protagonizada polo público xeral, en Culturgal atoparás empresas, institucións, marcas patrocinadoras, técnicos, programadores, xestores, artistas, prescriptores, medios de comunicación etc. Boa parte do mapa cultural do país desprázase a Pontevedra durante a Feira.

2. PREPARAR O CULTURGAL

2.1. Calendario para expositores

Duración da Feira

29, 30 novembro, 1 de decembro de 2019

Data contratación de stands

Apertura reserva: 31 xullo 2019

Límite contratación: 15 de novembro 2019 (ou ata completar o espazo expositivo)

Horario de apertura de CULTURGAL 2019 (ininterrompido)

Venres 29 de novembro de 11 a 21 h

Sábado 30 de novembro de 11 a 21 h

Domingo 1 de decembro de 11 a 20 h

Horario de acceso ao recinto para acreditados

Venres 29 de novembro de 9 a 21:30 h

Sábado e domingo a partir das 10h

Montaxe

Xoves 28 de novembro de 12 a 21 h

Venres 29 de novembro de 9 a 10:30 h

NOTA: os stands de deseño libre por favor entrede en contacto con stands@culturgal.com para tramitar a montaxe con anterioridade a esta data en caso de ser preciso.

Desmontaxe

Domingo 1 de decembro a partir das 20 h e ata as 22:30 h

Luns 2 de decembro de 10 a 14 h e de 16 a 20 h

(se precisades un horario especial, por favor contactade con xestión de expositores no mail stands@culturgal.com)

2.2. Plano

O plano coa distribución dos stands de CULTURGAL 2019 e a listaxe de stands podes consultalo na nosa páxina web: www.cultur.gal

2.3. Zonas de situación

- Tes completa liberdade para escoller o teu stand onde desexes.
- Por favor bóttalle un ollo (ou dous) aos novos modelos de stands, pregúntanos todo aquilo que precisas antes de facer a túa escolla, sabemos que o cambio é importante e estamos aquí para axudarche a decidir a mellor escolla de localización e formato.
- Podes remitir as túas consultas a través do mail stands@culturgal.com
- Como todos os anos invitamos aos stands de artesanía que formen parte da Culturgal, o número total de stands de artesáns a disposición é de 10 unidades modulares; se pertences ao sector podes escoller a situación onde mellor che conveña.

2.4. Stands

Que tipos de stands existen e que conteñen?

Consulta o PDF chamado TIPOLOXÍAS, nel atoparás as especificacións concretas de cada modelo desta edición.

En termos xerais:

- Todo o espazo expositivo estará cuberto de moqueta salvo aqueles espazos que así o soliciten por ter intención de instalar o seu propio chan no stand.
- Mobiliario:
Tes a opción de alquilar os stands (todas as tipoloxías) con ou sen mobiliario. O custo do paquete de mobiliario básico (1 mesa, 2 cadeiras, 1 estante) é de 60 €

NOTA: Todo o material é fornecido en réxime de alugueiro. O non uso dalgúns dos elementos incluídos nos paquetes de aluguer non supón en ningún caso a redución do prezo do mesmo.

Que servizos xerais están incluídos no prezo de aluguer?

- Inclusión na web e no catálogo de entidades expositoras de Culturgal 2019
- Seguro de responsabilidade civil obrigatorio
- Servizo xeral de limpeza do stand
- Acceso wifi durante os días de apertura ao público
- Servizo de vixilancia xeral do recinto expositivo. Nin o Pazo da Cultura nin a organización se fan responsables de posibles furtos ou perdas de materiais que os expositores dispoñan no seu stand ou en calquera espazo do recinto.
- No recinto poderás acceder a unha área gastronómica con oferta variada, de cercanía, ecolóxica e a un prezo axustado, en funcionamento no mesmo horario da Feira.
- A organización posibilitará aos stands que así o soliciten a posibilidade de integrarse no sistema de cobro “cashless” que xa funciona na área da cafetería e restauración desde 2018.

Canto custa o aluguer de cada tipo de stand?

TIPO STAND	PREZO BASE SEN MOBILIARIO	PREZO BASE SEN MOBILIARIO PARA INSTITUCIÓNS PÚBLICAS
3X2	350	700
3X3	450	900
6X2 e TRAPECIO ESQUINA 12 m ²	600	1.200
ESPAZO T3 18 m ²	850	1.700
TRAPECIO 20 m ²	950	1.900
ESPAZO T2 36 m ²	1.450	2.900
ESPAZO TRAPECIO 40 m ²	1.550	3.100
PACK BÁSICO DE MOBILIARIO COMPOSTO POR 1 MESA, 1 ESTANTE E 2 CADEIRAS: 60 €		

NOTA: O prezo de aluguer dos stands institucionais incrementarase nun 50% en caso de ter escollido ubicación preferente. IVE 10% non incluído

Descontos que se aplican

Desconto por reserva anticipada: 20% sobre o prezo indicado se reservas antes do 31 de agosto (non aplicable a institucións públicas)

Desconto CulturGal: 20% sobre o prezo indicado se es socio dalgunha das asociacións CulturGal (acumulable con desconto por reserva anticipada)

Desconto fidelidade: 10% sobre o prezo indicado en caso de que xa teñas asistido como expositor no 2018 e 2017 e non formes parte de ningunha asociación CulturGal (acumulable con desconto por reserva anticipada, non acumulable con DESCENTO CULTURGAL, non aplicable a institucións públicas).

Como solicitar un stand?

Se o que queres é fomentar a túa visibilidade como entidade das industrias culturais, estar presente na Feira como expositor é a túa mellor opción.

Para solicitar o teu espazo non tes máis que seguir estes sinxelos pasos:

- Antes de nada por favor CONSULTA DETIDAMENTE o documento chamado TIPOLOXÍAS STANDS onde poderás consultar os novos modelos da feira deste ano.
- Le detidamente este manual para ter a información precisa do desenvolvemento da Feira e das condicións de aluguer de espazo.
- Escolle o tipo de espazo en aluguer que máis se adecúe á túa idea de como estar presente na Feira
- Escolle unha ubicación dentro do recinto, o plano está á túa disposición en www.cultur.gal. A reserva de espazo adxudicarase por estrita orde de solicitude, é por iso que o formulario vaiche pedir unha segunda e terceira opción para a túa ubicación.
- Entra no formulario de solicitude de espazo que atoparás na nosa web (apartado STANDS) e cumprimenta o formulario cos datos solicitados. Preme **AQUÍ** para acceder ao formulario.

- No prazo máximo de 10 días recibirás un mail confirmando a túa escolla e dádoche as indicacións oportunas para completar o proceso de reserva de stand.
- Se tes calquera cuestión escríbenos a stands@culturgal.com

IMPORTANTE: se debido á túa actividade interésache tomar parte no espazo de CULTURA INTERACTIVA ou ARTE CONTEMPORÁNEA non é preciso que remitas o formulario, terás que remitir o teu proxecto para ser valorado polos comités de selección correspondentes.

2.5 Normativa

Normativa xeral de construción e uso dos stands

Cada tipoloxía de stand existente describe o material de cada unha das paredes do espazo ou o material do que está feito.

Todos os materiais dos que se compoñen os espazos favorécense en réxime de alugueiro, é dicir teñen que ser devoltos nas mesmas condicións nos que se instalaron.

Os novos espazos teñen diversas posibilidades de customización, máis facilidade para a instalación nas estruturas e no caso das paredes de policarbonato poderase utilizar vinilo removible.

A entidade expositora quedará obrigada a facerse cargo dos danos e perdas que se ocasionen por este motivo. Debido á existencia de arquetas eléctricas no chan, queda prohibido acumular grandes cantidades de auga, non se permite tampouco o depósito ou exposición de mercadorías perigosas, explosivas ou insalubres que emitan ruídos molestos ou cheiros desagradables e quedan prohibidos elementos como:

- Moqueta non ignífuga
- Cinta de dobre cara que deixe algún tipo de resto nos materiais construtivos propiedade da Feira
- Material inflamable ou tóxico.

A empresa expositora está obrigada, tamén, ao cumprimento de todas as normas xerais de construción, ao estipulado na lexislación oficial vixente, así como ás normas de prevención sobre riscos laborais, das que o seu descoñecemento non o exime en ningún caso das responsabilidades que leva o seu cumprimento.

Alturas máximas de construción

A altura de construción de cada espazo está indicada no documento TIPOLOXÍAS STANDS.

A altura máxima xeral de construción dun stand é de 3 m. Calquera deseño de libre construción que supere esta altura debe ser supervisado e aprobado pola xestión de expositores.

No caso de que a túa escolla se atope nun espazo posible de ser reservado en formato deseño libre consulta a LISTAXE DE STANDS presente na nosa web, no apartado "Observacións" verás indicado aqueles espazo que teñan algunha especificidade en canto ao límite en altura.

Vendas e actividade no stand

O teu espazo en CULTURGAL está á túa enteira dispoñibilidade para a realización das actividades que consideres de cara aos teus obxectivos como asistente.

Está completamente permitida a venda de artigos relacionados coa actividade de cada expositor así como a **realización de actividades nos stands sempre que estas non sexan amplificadas para garantir así a correcta convivencia dentro do recinto**. Queda terminantemente prohibida a exposición e venda de bebidas alcohólicas con graduación superior aos 15 graos.

A organización de Culturgal, consciente do respecto polo medio ambiente facilitará bolsas de papel aos expositores (ata agotar existencias). A bolsa de papel facilitada pola organización será de uso obrigado por parte de todos os expositores, salvo excepcións acordadas coa organización da Feira.

Envío de materiais

Todo aquel material que precisas enviar ao Pazo da Cultura de Pontevedra para o teu stand debe ser entregado a partir do martes 26 de novembro. A organización de Culturgal non se fai cargo das mercadorías entregadas antes desa data. As mercadorías serán xestionadas polo equipo de Culturgal quen as situará no stand que figure no paquete.

Debes remitir os envíos a:

PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA / OFICINA CULTURGAL
Rúa Alexandre Bóveda s/n CP 36005 PONTEVEDRA

Indica claramente no paquete:

NOME DO STAND AO QUE SE DIRIXE A MERCADORÍA
NOME DA PERSOA RESPONSABLE DO STAND DURANTE A FEIRA

2.6. Stands baixo condicións especiais de contratación

Espazo reservado para stands de artesanía

Como en todas as edicións invitamos aos stands de artesanía a que formen parte da Culturgal; o número total de stands de artesáns a disposición é de 10 unidades modulares. Podes escoller situación no recinto feiral onde mellor che conveña. Unha vez se contraten as unidades dispoñibles, non se tramitarán máis solicitudes de artesanía.

Para realizar a túa reserva tes que seguir os pasos xerais de contratación indicados no punto 2.4 deste manual indicando no formulario a túa pertenza a este sector.

Espazo cultura interactiva

Cultura Interactiva é un espazo novo na edición 2019 da Culturgal. Co obxectivo de incrementar a participación de entidades dedicadas ao traballo cultural con alto compoñente tecnolóxico, animamos á reserva de stands neste espazo a empresas dedicadas a videoxogos, apps, realidade aumentada, etc, con produtos que estimulan a interacción do público e mostran as infinitas

posibilidades de desenvolvemento e aproveitamento da tecnoloxía nos produtos e servizos culturais. O Espazo Cultura Interactiva quere contribuír a visibilizar o traballo que se realiza en Galicia nun campo que incide nos aspectos lúdico, divulgativo, didáctico e, sobre todo, participativo, da actividade cultural.

O espazo Cultura Interactiva atópase no RECINTO FERIA, no bloque ocupado polos stands número 39, 40, 41 e 42. O tamaño dos 4 stands deste espazo é 6 m de ancho por 3 m de fondo correspondéndose co denominado STAND 6X3 no documento de tipoloxías. O prezo de aluguer de cada un dos stands deste espazo é de 850 €.

Por ser o primeiro ano para esta tipoloxía de expositores este espazo terá un desconto de 50% sobre o prezo de tarifa, non acumulable con outros descontos. Para estar presente neste espazo debes ser convidado pola organización ou presentar un proxecto que será valorado e no seu caso admitido.

Espazo Arte Contemporánea

O Espazo de Arte Contemporánea, que ocupará a Sala de Exposicións do Pazo da Cultura de Pontevedra, **suma desde o ano 2017 preto de mil metros cadrados máis á superficie habitual da Feira**. A aposta de Culturgal é trazar un punto de encontro para diferentes axentes que operan no campo da arte contemporánea, asumindo esta tarefa con vontade de estabilidade e continuidade. O Espazo de Arte Contemporánea con stands e programación propia, beneficiarase do dinamismo da Feira e favorecerá con novos públicos, debates, encontros e produtos, ao redor dos procesos da arte contemporánea. Un beneficio mutuo, o Espazo de Arte Contemporánea é Feira, é Culturgal.

Este espazo estrutúrase do seguinte xeito:

- Área institucional. Coa colaboración, entre outros, da área de Cultura da Deputación de Pontevedra .
- Área de expositores privados. Aberta a creadores, galerías, empresas.
- Área de intervención. Un espazo para encontros, presentacións, debates e intervencións variadas. Esta área tamén acolle un espazo para obradoiros e para a intervención dos visitantes.

Plano

O plano coa distribución do Espazo de Arte Contemporánea 2019 podes consultalo na nosa páxina web.

Calquera combinación que consideredes factible para o voso espazo non dubidedes en consultarnos e faremos o posible por estruturar os metros cadrados precisos segundo as vosas necesidades.

Que tipos de stands existen e que conteñen?

CALES SON AS CARACTERÍSTICAS DO STAND QUE QUERO?	STAND 4 m ²	STAND 8 m ²	STAND 30 m ² / STAND 36 m ²	STAND 90 m ²
MOQUETA	SI	SI	NON	NON
CADRO ELÉCTRICO	SI	SI	SI	SI
ILUMINACIÓN INDIVIDUAL (dispoñible baixo solicitude)	NON	NON	NON	NON
DISPLAYER NOME ENTIDADE	SI	SI	SI	SI
CADEIRA	SI	SI	SI	SI
PANEIS MODULARES PERIMETRAIS	NON	NON	NON	NON
PAREDES DE OBRA	SI (*)	SI (*)	SI (*)	SI (*)
MESA 2X1	NON	NON	NON (**)	NON (**)

(*) As paredes delimitadas con liña continua no plano son paredes de obra.

(**) Poderase solicitar mesa ou mostrador de apoio se o ocupante o precisa.

Canto custa o aluguer de cada tipo de stand?

CADRO BASE DE PREZOS POR STANDS ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA SEGUNDO TIPOLOXÍA					
	4 m ²	8 m ²	30 m ²	36 m ²	90 m ²
PREZOS BASE	250 €	450 €	1.050 €	1.300 €	3.150 €
PREZO BASE INSTITUCIÓNS PÚBLICAS	500 €	900 €	2.100 €	2.600 €	6.300 €

NOTA: IVE 10% non incluído

Descostos que se aplican

Desconto Espazo Arte Contemporánea: Desconto exclusivo e non acumulable específico para os stands do Espazo Arte Contemporánea na edición 2019 do 40% sobre a tarifa base vixente do punto anterior.

Normativa montaxe e cuestións específicas espazos Arte Contemporánea:

1. Nos stands do espazo Arte Contemporánea permítese cravar e taladrar as paredes do espazo expositivo correspondentes ao Pazo da Cultura para a montaxe das obras. Os stands non dispoñen de panéis divisorios, polo que os máis pequenos unicamente contan coa parede posterior e a superficie de chan correspondente como espazo expositivo. Permítese o uso de estanterías ou doutro mobiliario dentro da superficie propia de cada stand.

2. Todas aquelas opcións accesorias (iluminación extra, mesa ou mostrador, unha segunda cadeira) deberán ser solicitados coa preinscrición e abonados xunto ao custe total do aluguer do stand, previamente á montaxe da feira.
3. O horario de apertura da feira, montaxe e desmontaxe de expositores, son os de todo o recinto feiral que constan neste manual do expositor.
4. Un comité de selección aprobará a listaxe final de expositores, valorando a proposta expositiva achegada coa preinscrición. Espazos, institucións e profesionais que queiran solicitar a participación deberán achegar vía mail a stands@culturgal.com a seguinte información:
 - Denominación do stand: nome do espazo ou galería, nome do/a comisario/a, nome do/a artista ou colectivo.
 - Breve descrición do proxecto expositivo, espazo, galería ou comisariado.
 - Relación de artistas participantes, cunha imaxe dunha obra/por artista a boa resolución.
 - Curriculum vitae das persoas artistas participantes (opcional).
 - A solicitude de participación supón a aceptación destas condicións. A selección e distribución final será comunicada a todas as persoas e entidades solicitantes

2.7. Cesións e cancelacións

Se Culturgal 2019 se cancelara por causas de forza maior, alleas á organización, reintegraranse as cantidades entregadas, descontando os gastos previos de organización do evento, que se cifran nun 25% do importe total dos servizos contratados.

Se é a firma expositora a que cancela a reserva do stand, non terá dereito á devolución dos importes facturados e, no caso de terse acollido á modalidade de pago fraccionado, terá que acometer igualmente o pagamento das obrigas pendentes.

As entidades expositoras non poderán ceder o dereito de ocupación do stand.

Nota importante: As entidades expositoras recoñecen e aceptan as normas e condicións recollidas neste documento e comprométese a respectar calquera nova disposición engadida polas circunstancias e adoptada pola organización.

2.8. Acreditación

Número de acreditacións por stand

A organización de Culturgal favorece por cada 6 m² de espazo alugado un máximo de 2 entradas para os tres días de Feira.

Se prevés algún tipo de actividade no teu stand que requira da participación de escritores, artistas, conferenciantes, etc. ponte en contacto con nós pois haberá un número limitado de acreditacións para tal fin, dependendo do teu espazo.

Se precisas un número maior de entradas para artistas e convidados das que ten asignadas o teu stand, poderás adquirilas cun 50% de desconto.

Procedemento de solicitude

Non precisas solicitar as túas acreditacións con anterioridade. Na entrada da Feira terás que ir ao mostrador de EXPOSITORES e identificarte para recollelas. Por favor, pasa polo mostrador cando chegues á Feira para montar o teu stand. Entregarémosche a túa pulseira para poder circular libremente pola Feira.

Calquera dúbida ou solicitude extra sobre acreditacións diríxete a info@culturgal.com.

3. TIRAR PROVEITO DO CULTURGAL

3.1. Quen reserva espazo no Culturgal?

Para saber quen serán os teus compañeiros de Feira permanece atento á nosa web. Nela iremos actualizando a listaxe de stands a medida que se ocupen e avisaremos tamén cando o espazo se complete ao 100%. Iremos colgando unha listaxe a carón do plano para que poidades estar informados permanentemente de quen se incorpora como expositor este ano.

Empresas e profesionais

Un dos principios da Feira é ser, non só escenario de encontros entre profesionais e sectores, senón un espazo para o nacemento e consolidación de proxectos. Reforzando os vínculos da Feira coas diferentes asociacións gremiais e promovendo a comunicación entre todos aqueles axentes e sectores que participan da actividade cultural. Patrocinadores, institucións, asociación sectoriais, empresas, programadores, técnicos, artistas, etc, danse cita anualmente na Culturgal.

As empresas e institucións que cada ano reservan espazo na Culturgal son o motor da Feira. Por esa razón, Culturgal traballa intensamente para que os obxectivos comerciais e de visibilidade de empresas, asociacións e artistas se cumpran. Queremos estar á altura das expectativas daqueles que sosteñen a Feira. Formar parte desta, como expositor ou profesional, significa estar en conexión non só co público xeral senón con líderes de opinión, patrocinadores e programadores.

3.2. Público do Culturgal

Ao redor de 15.000 persoas achéganse cada ano a Culturgal en Pontevedra. Este é un dato obxectivo. Pero que tipo de público é o que acode á Feira? Por unha banda, contamos co público xeral, integrado por persoas de todas idades, con importante presenza de público familiar, procedente case nun 70% de Pontevedra e en algo máis dun 30%, doutros puntos de Galicia.

Desde a organización da Feira consideramos que os prezos das entradas do Culturgal son asumibles para todos os petos e o seu pagamento converte o público nun patrocinador activo. A Feira proporciona un amplo programa de actividades para todos os públicos.

Os prezos de entrada para o público son os seguintes:

	ADULTOS	NENOS/as > 3 anos	NENOS/AS < 3 anos
Entrada 1 día	3 €	2 €	Gratuito
Entrada 3 días	5 €	3 €	Gratuito
Packs Familia	2 Adultos + 3 nenos: 10 €		
	2 Adultos + 4 nenos: 11 €		

3.3. Comunicación da Feira

O traballo de comunicación e promoción de Culturgal Feira das Industrias Culturais desenvólvese durante todo o ano abranguendo diferentes actividades e áreas e mantendo unha relación continuada con diferentes axentes: xornalistas, divulgadores, colaboradores, públicos, etc. Antes das vacacións estivais, lánzanse as convocatorias de stands e programación, as liñas temáticas da Feira e a imaxe gráfica da mesma. Con este motivo convócase unha presentación aos medios; xa en novembro, coa programación pechada, convocamos de novo a patrocinadores e medios a un acto público.

Todos os medios de Galicia, e tamén algúns de fóra do país, fanse eco da Feira amplamente. A prensa local de Pontevedra vólcase co Culturgal e tanto a televisión como a radio autonómicas ofrecen unha magnífica cobertura durante os días da Feira. A realización de programas especiais en directo durante Culturgal amplifica o seu alcance.

En relación ás redes sociais, Culturgal prioriza o seu uso, especialmente facebook. Twitter e instagram. Poucas organizacións, institucións e entidades culturais do país contan con tal volume de seguidores nas redes. Divulgación, atención directa, interacción e captación de público. Eses son os eixos nos que se fundamenta a estratexia da Culturgal nas redes, intensificada de tal maneira durante a Feira que procuramos a transmisión das actividades, do ambiente e dos valores de Culturgal en tempo real. En 2019 acometemos ademais un novo desenvolvemento web para a Feira que estará activo antes da mesma.

En resumo, comunicar a Feira ao exterior e comunicarnos entre todos os axentes implicados na realización de Culturgal: expositores, artistas, empresas, patrocinadores, público, medios e organización. Eses son os obxectivos que se marca o departamento de comunicación da Feira.

3.4. Programación

Culturgal é exposición, público e programación.

Entre 110 e 120 presentacións e showcases desenvólvese ao longo dos tres días de duración da Feira nos diferentes escenarios e espazos habilitados. Se tes un produto editorial que presentar, un proxecto que dar a coñecer, un espectáculo novo, non dubides en cubrir o FORMULARIO DE PROPOSTAS que atoparás na nosa web para poder optar a formar parte da programación.

Prioridade ás propostas dos expositores

Un dos criterios de selección das propostas é que cheguen de man das entidades con stand na

Feira. Pero non é o único. A organización da Feira establece os criterios prioritarios nas BASES DA PROGRAMACIÓN. En resumo, ter stand non garante que unha proposta forme parte da programación Culturgal, pero suma puntos no traballo de selección.

Condições de presentación

Consultas as Bases da Programación Culturgal 2019 para saber cales son as condicións prioritarias que a comisión de selección de CULTURGAL ten en conta á hora da escolla e sobre todo, cales son as condicións de dito procedemento.

Prazos

O prazo de presentación de propostas estará aberto desde o 31 de xullo ao 1 de outubro. Pero canto antes envíes a túa proposta, moito mellor. A selección irá completándose a medida que vaíamos tendo propostas de interese entre as que nos acheguedes. A selección é un traballo da directiva da Culturgal apoiada polo equipo da Feira.

ORGANIZACIÓN CULTURGAL 2019. Contactos

Culturgal Feira das Industrias Culturais é unha iniciativa da Asociación Culturgal, da que forman parte as asociacións profesionais máis representativas do sector: AGAPI, AGE, EGANET, Escena Galega e AGEM. A súa directiva está presidida por Víctor López (EGANET).

Contactos do equipo da Feira 2019

- **Coordinación da Feira:** Xosé Manuel Aldea aldea@culturgal.com
- **Producción Feira:** Cecilia Carballido cecilia@culturgal.com
- **Comunicación:** Arancha Estévez comunicacion@culturgal.com
- **Xestión expositores:** stands@culturgal.com
- **Propostas programación:** propostas@culturgal.com
- **Información xeral Feira e secretaría técnica:** info@culturgal.com